

PROGRAMACIÓN

1º E.P.

María José Villaverde Crespo

Curso 2021/2022

ÍNDICE

PÁXINAS

1	INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.....	3
2	OBXECTIVOS DA ETAPA.....	4
3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	5
4	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	9 e Anexo
5	COMPETENCIAS CLAVE.....	9
6	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	10
7	METODOLOXÍA.....	11
	7.1 TEMPORALIZACIÓN.....	14
8	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.....	15
9	CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.....	16
10	DIRECTRICES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN INICIAL.....	16
11	MEDIDAS DE ATECIÓN Á DIVERSIDADE.....	16
12	ACCÍONS DE EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....	20
13	ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....	22
14	ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	23
15	ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN.....	24
16	MATERIAIS DIDÁCTICOS.....	25
17	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS EXTRAESCOLARES.....	26
18	SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN/ AVALIACIÓN.....	26
19	PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN PRÁCTICA DOCENTE.....	26

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

A presente programación vai destinada ao alumnado do 1º curso de Educación Primaria que se atopa no CEIP Plurilingüe “Alexandre Rodríguez Cadarso” na Barquiña, Noia.

Neste novo curso, continuamos co protocolo educativo-sanitario tendo en conta unha serie de medidas de distanciamento social, hixiene e limpeza que obriga a empregar metodoloxías diversas en función do momento sanitario no que podamos estar inmersos ao longo do curso.

Respecto do nivel socioeconómico das familias, podemos dicir que a maioría do alumnado non ten problemas económicos básicos, pero unha minoría ten carencias considerables, tanto no eido económico como no cultural. Na actualidade, a gran maioría do alumnado reside nesta zona preto do centro aínda que cada vez máis acude alumnado doutras zonas de Noia, nalgúns casos, non podendo facer uso do transporte escolar por estar a súa residencia fóra do radio de influencia do mesmo.

A poboación pode considerarse: mixta rural, marítimo-pesqueira e urbana.

Na actualidade, o noso centro conta cunha aula de 24 alumnos e alumnas no primeiro curso de Educación Primaria, sendo 13 de eles nenas e 11 nenos. Todos eles acceden á etapa de E.P. desde as aulas da Educación Infantil. Debido ás características do grupo decidiuse facer un desdobre nas áreas de Música, Inglés e E.F.

Un dos alumnos presenta necesidades educativas especiais (n.e.e.). Estas necesidades veñen asociadas a unha discapacidade motora por parálisis cerebral espástica. As grandes dificultades que presenta este alumno débense ao seu grave problema de motricidade e a ausencia de linguaxe oral, a imposibilidade a desprazarse de forma autónoma, a incapacidade para realizar actividades de escritura, debuxo e de actividade física.

Todo isto conleva a ter que facer unha adaptación curricular nas áreas que precise e adaptacións metodolóxicas a nivel acceso (material e mobiliario adaptado,

ordenador cun software para o comunicador, etc).

Para dar resposta a este alumno con n.e.e. o centro dispón dos seguintes recursos persoais: un mestre especialista en Pedagogía Terapéutica, unha especialista de Audición e Linguaxe, un coidador e a Orientadora ademais do profesorado que imparte nas diferentes áreas e unha mestra de reforzo que vai dúas horas á semana para apoiar na aula ordinaria. Tamén sae do centro educativo para ter dúas sesións de fisioterapia na Asociación “Misela” e dúas sesións de logopedia no centro “Novafala”, ambas situadas en Noia.

En relación aos recursos cos que contamos na aula: ten unha mesa adaptada, un scooter, no baño un cambiador, unha colchoneta e un programa de comunicación aumentativa, “Grid 3”, para poder comunicarse e poder traballar os contidos das diferentes áreas.

2- OBXECTIVOS DE ETAPA.

A.- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparándose para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

B.- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

C.- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

D.- Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

E.- Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas.

F.- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e

desenvolverse en situacións cotiás.

G.- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

H.- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

I.- Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.

J.- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

K.- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

L.- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

M.- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

N.- Fomentar a educación viaria e as actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

O.- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

3- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios de avaliación que aparecen nas diferentes áreas son os mínimos

esixibles para superar éstas.

ÁREA LINGUA GALEGA E LITERATURA

1. escoitar e comprender órdenes, mensaxes e encargos, contos e narracións orais en lingua galega.
2. Comprender o sentido global de mensaxes orais da vida cotiá.
3. Contar experiencias vividas e anécdotas persoais en lingua galega.
4. Ler textos breves, adecuados a súa idade, en voz alta mantendo un ritmo adecuado e respectando os signos de puntuación.
5. Comprender órdenes escritas.
6. Comprender textos sinxelos en lingua galega e responder a preguntas directas.
7. Completar e formar frases sinxelas en lingua galega utilizando o vocabulario aprendido.

ÁREA LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

1. escoitar e comprender órdenes, mensaxes e encargos orais, contos e narracións orais.
2. Narrar ou expoñer, seguindo unha orde cronolóxica, contos, experiencias vividas e anécdotas persoais.
3. Ler textos breves, adecuados a súa idade, en voz alta mantendo un ritmo adecuado e respectando os signos de puntuación.
4. Comprender órdenes escritas.
5. Comprender textos sinxelos, adecuados a súa idade, e responder a preguntas directas e valorativas.

6. Completar e formar frases sinxelas.
7. Coñecer a correspondencia entre os sons e a súa escritura (fonema-grafía).

ÁREA MATEMÁTICAS

1. Ler e escribir números con cifras e con letras ata o 99.
2. Identificar o número anterior e posterior a outro número dado menor que 100.
3. Coñecer os números ordinais ata o 10º.
4. Ordenar de maior a menor e viceversa números ata o 99.
5. Realizar sumas e restas sin levadas de dúas cifras.
6. Resolver oralmente e por escrito problemas da vida cotiá utilizando a suma e a resta cunha soa pregunta.
7. Recoñecer as formas planas: triángulo, cadrado e círculo.
8. Dominar os conceptos básicos de carácter espacial, de posición, de orden e de tamaño (dentro/fóra, esquerda/dereita, primeiro/último, maior/menor).
9. Iniciar ao alumnado no uso das monedas (euros e céntimos).
10. Coñecer os nomes dos días e meses do ano e nomealos ordenadamente.

ÁREA DE ED. ARTÍSTICA (PLÁSTICA)

1. Valorar positivamente as produccions plásticas propias e dos demais.
2. Coñecer os pasos para a súa elaboración.
3. Autoconcepto: figura humana.

4. Comunicar calidades e características do contorno.
5. Traballar sobre calidades e características dos elementos plásticos básicos.

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

1. Relacionarse axeitadamente cos seus iguais e o seu contorno máis próximo.
2. Tomar conciencia do seu propio corpo e das diferencias individuais cunha actitude de respecto cara os demais.
3. Coñecer os hábitos básicos de hixiene e alimentación. Os beneficios dunha alimentación saúdable.
4. Coñecer as diferencias básicas entre animais e plantas.
5. Coñecer as necesidades básicas dos seres vivos
6. Coñecer oficios, máquinas e aparellos sinxelos cos que están directamente relacionados.
7. Aproximarse á necesidade de coidar o medioambiente.

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

1. Coñecer os elementos básicos: aire, auga.
2. Coñecer fenómenos atmosféricos habituais .
3. Diferenciar entre paisaxe natural e artificial.
4. Coñecer as relacións de parentesco. Roles sociais. Membros da comunidade escolar, funcións e tarefas.
5. Cumprir as normas de convivencia básicas.
6. Recoñecer os diferentes medios de transporte e a educación vial básica.

7. Saber cales son as celebracións da nosa contorna próxima.

8. Usar e coñecer o calendario.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

1. Autoconcepto positivo

2. As emocións como fonte de comunicación básica.

3. Autonomía e responsabilidade nas tarefas.

4. Formas básicas de comunicación e expresión.

5. Coñecer e respectar as características dos demais.

6. Axudar e recibir axuda como fonte para favorecer as relacións interpersoais.

7. Normas básicas de convivencia.

4. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.

Ver adxunto:

Taboa 2 **(ANEXO)**

As actividades que figuran en dita táboa se desenvolven durante todo o curso escolar, facendo unha maior incidencia nunhas ou outras en función do que se esté a traballar en cada momento do ano.

5. COMPETENCIAS CLAVE

Tal e como se establece nas Táboas 1 e 2, as competencias clave traballaranse de maneira xeralizada ao longo do curso mediante a relación establecida entre as actividades e os contidos propostos para o curso.

As competencias que se traballarán serán:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencia social e cívica (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Procedementos e instrumentos existentes para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe:

. **Observación sistemática:**

- Rexistro anecdótico persoal.
- Escala de observación.

• **Análise das producións dos alumnos:**

- Monografías.
- Resumos.
- Traballos de aplicación e síntese.
- Cadernos de aula.
- Textos escritos.
- Producións orais.

. **Intercambios orais cos alumnos:**

- Diálogo.
- Entrevista.
- Postas en común.
- Asambleas.

. **Probas específicas:**

- Obxectivas.
- Abertas.
- Exposición dun tema.
- Resolución de exercicios.

. **Autoavaliación**

7. METODOLOXÍA.

O primeiro curso de E.P. está caracterizado por unha serie de trazos evolutivos que afectan ao desenvolvemento motriz, socio-afectivo e cognitivo dos nenos.

- **Desenvolvemento motriz.** Os nenos forman a súa propia imaxe corporal a través da interacción co mundo. Ademais, neste período, afirmase a lateralidade, así como a organización espazo-temporal que facilita a orientación espacial.
- **Desenvolvemento socio-afectivo.** Os nenos inician un maior achegamento aos compañeiros e presentan unha maior dependencia deles. Tamén aumenta o interese polos xogos regrados, en que se comparten normas cos outros.

- **Desenvolvemento cognitivo.** Os nenos atópanse nunha etapa intermedia do período preoperatorio, no que se preparan e organizan as operacións lóxico-concretas.

O proceso de ensinanza-aprendizaxe debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmos.
- Favorecer situacións en que o alumnado debe actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- **Metodoloxía activa.**

- Supón atender a dous aspectos intimamente relacionados:
- Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.

- **Motivación e carácter lúdico das actividades.**

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas do alumnado. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo, as actividades lúdicas e a cooperación entre os

alumnos/as.

- **Autonomía na aprendizaxe.**

Como consecuencia dos dous puntos anteriores, a metodoloxía favorece a maior participación dos alumnos. Concrétase nos seguintes aspectos:

- **A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na** presentación dos novos contidos.

- **A gradación das actividades**, cuxa xerarquización varía segundo a natureza de cada programa, aparecendo en último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.

A énfase nos procedementos e técnicas de aprendizaxe, que inclúen unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión final.

- **A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada na** presentación dos novos contidos.
- **Programación cíclica**, perfectamente integrada nos obxectivos xerais da etapa; e **unha rigorosa selección dos contidos**, que reforzan o aprendido nos cursos precedentes e abren o coñecemento cara a novos temas.
- **A globalización do ensino e interdisciplinabilidade** son un punto a destacar na programación, pois os contidos traballados están relacionados con todas as áreas e poden traballarse de forma global.
- **Atención á diversidade do alumnado.**

A nosa intervención educativa co alumnado asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

- **Sensibilidade pola educación en valores.**

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente

socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia, etc.

- **Avaliación do proceso educativo.**

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a aportación de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

No caso de que nalgún momento do curso a ensinanza deba ser semipresencial ou non presencial, empregaranse ferramentas telemáticas para manter a comunicación co alumnado e as familias, podendo avaliar a adquisición dos contidos a través delas. Éstas serán as aplicacións ClassDojo e Abalar móvil (como medio para comunicarnos cos pais/nais), o correo electrónico, Cisco Webex (para a realización de videoconferencias) e a utilización da aula virtual do colexio para organizar as tarefas e contidos a desenvolver.

7.1. Temporalización

A temporalización para o curso 2021 / 2022 será aberta e flexible para satisfacer as necesidades e ritmos do noso alumnado.

Cabe destacar a programación semanal que coma titora elaborarei e que se adaptará a ditas necesidades. As unidades didácticas estableceranse en función do progreso do noso alumnado e do seu ritmo de aprendizaxe.

No mes de setembro, realizarase unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida dos nenos/as e poder con eses resultados iniciar o desenvolvemento das diferentes unidades didácticas.

Inicialmente, ao longo do primeiro trimestre farase un traballo centrado nos seguintes aspectos: trazo, direccionalidade, orientación espacial, agarre e presión

do lápis, recoñecemento e representación das letras (maiúsculas e minúsculas) e números, coa finalidade de darlle aos nenos/as a base necesaria para poder afrontar o reto que supón o emprego do libro de texto.

Inicialmente a distribución das unidades didácticas de cada área faranse equitativamente entre os tres trimestres. Porén, haberá que ter en conta o progreso e evolución dos alumnos/as, o calendario escolar (festivos, segundo trimestre de menor duración cos outros dous, actividades extraescolares, celebracións, ...etc.) e posibles variacións que poidan ocorrer ao longo do curso.

8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

O sistema de cualificación empregado, terá en conta os seguintes aspectos:

1º- O traballo e producións do alumnado realizado tanto na clase coma na casa. Probas obxectivas dos contidos aprendidos.

2º- O interese, actitude e participación en cada unha das distintas áreas.

A avaliación é polo tanto de características cualitativa, aínda que se establecerán en base os procedementos empregados para realizala: os obxectivos e contidos acadados, as actividades propostas, os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unha valoración cuantitativa que aparecerá como tal nos boletíns informativos as familias tomando como referencia os procedementos anteriormente mencionados e os criterios de cualificación expresados no seguinte apartado.

En caso dunha posible non asistencia ás aulas por mor da COVID-19, seguirán pautándose tarefas a través da Aula Virtual, mantendo un contacto constante coas familias pola aplicación ClassDojo, que nos permita poder levar a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe e, á súa vez, unha correcta avaliación dos contidos acadados polo alumnado.

9. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

L. Galega	L. Castelá	Valores Sociais	Ed. Art. (plástica)
Expresión oral: 25% Expresión escrita: 25% Lectura: 20% Contidos: 10% Traballo/actitude: 20%	Expresión oral: 25% Expresión escrita: 25% Lectura: 20% Contidos: 10% Traballo/actitude: 20%	Expresión oral: 25% Expresión escrita: 25% Contidos: 30% Traballo/actitude: 20%	Expr. oral: 25% Expr: 25% Contidos: 25% Actitude: 25%
Matemáticas	C. Sociais	C. Naturais	
Comprensión/ Expresión: 10% Resolución de problemas: 25% Operacións: 25% Contidos: 20% Actitude e participación: 20%	Comprensión/ Expresión oral: 20% Comprensión/Expresión escrita: 20% Contidos 40% Actitude e participación: 20%	Comprensión/ Expresión oral: 20% Comprensión/Expresión escrita: 20% Contidos 40% Actitude e participación: 20%	

10. DIRECTRICES E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN INICIAL.

Durante o primeiro trimestre levarase a cabo a avaliación inicial do alumnado para constatar o momento evolutivo e nivel de coñecementos adquiridos na etapa anterior, coa finalidade de establecer os coñecementos básicos do alumnado e deste xeito, adaptar a nosa resposta como docente.

Por esta razón, recolleremos os datos nun caderno con diversas actividades que sirvan de referencia para establecer dito punto inicial.

11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Como norma xeral, o profesorado acomodará o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada alumno/a, o que pode traducirse nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e cooperación familiar. Así, haberá

alumnos/as que requerirán exemplificacións, explicacións ou exercicios específicos; outros aos que lles habrá que encomendar certas responsabilidades; outros que necesitarán estar, por momentos, nun grupo específico dentro da aula, do que recibirán as axudas que precisan; outros aos que habrá que poñer frecuentemente en situación de éxito; etc. En definitiva, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo do seu nivel de coñecementos previos, dentro da zona de desenvolvemento próximo e se respecte o seu ritmo de aprendizaxe, no ánimo de que cada quen vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades.

Neste tipo de actuación, como se debe contemplar no propio Plan de Acción Titorial, é necesario que o titor/a estableza unha rede coordinadora entre o distinto profesorado (equipo docente); que coñeza a situación persoal de cada alumno/a, os principais datos evolutivos e de saúde, o estilo e o ritmo de aprendizaxe de cada quen; que reflexione sobre a metodoloxía máis adecuada para cada alumno/a respecto do seu achegamento ao currículo; que analice as relacións que se establecen dentro e fóra da aula e a súa utilidade nos agrupamentos dentro da aula; que demande asesoramento do Departamento de Orientación, etc.

CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS SERVIZOS DE APOIO

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización, os mestres/as de AL e PT, xunto coa Orientadora, establecerán o horario de atención ao alumnado con NEAE así como as distintas modalidades.

Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes **criterios prioritarios**:

- Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica, dando prioridade ao alumnado con NEAE, en primeiro lugar e a continuación ao alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Continuarase cos apoios realizados no curso anterior, excepto naqueles casos

nos que xa non se precisen, ou ben se a dotación de recursos humanos é insuficiente.

- Procurarase atender aos apoios demandados por todos/as os titor/as de EI e EP e incluso poderanse establecer apoios entre docentes.
- Os apoios tenderanse a facer na aula ordinaria, salvo casos que necesiten unha intervención moi específica por parte dos especialistas en AL e PT ou a dinámica da aula non o aconselle.
- A distribución horaria será variable segundo a evolución do alumno/a e a dinámica do centro.
- A organización dos apoios deberá ser aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso.
- O alumnado suxeito a RE e que non puidese ou non se considerase necesario o apoio especializado, recibirán este apoio por parte do mestre/a titor/a.
- Atenderase ao alumnado con dificultades na linguaxe, previa valoración da especialista de AL e a Orientadora, priorizando en función da dificultade. O proceso a seguir será o seguinte:
 - Demanda dos titores/as.
 - Avaliación.
 - O especialista en AL e a Orientadora establecerán as sesións.
 - **A necesidade de RE** debe ser coñecida polas familias desde o comezo. En caso de saír da aula ordinaria, débese solicitar o seu consentimento por escrito. **No caso de ACS** tamén as familias deben ter coñecemento da medida adoptada.

PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

- Detección das necesidades educativas dun alumno/a.

- Comunicarlllo ao titor/a no caso que o informante sexa o especialista ou a familia.
- Medidas levadas a cabo polo profesor-titor ou especialista.
- Elaboración dun informe por parte do titor/a .
- Recepción do informe no Departamento de Orientación e solicitude á familia da autorización de Avaliación Psicopedagóxica a través do titor/a
- Realización do Informe Psicopedagóxico a través da entrevista cos pais, achegas do profesorado de apoio, das áreas instrumentais e específicas, así como aquelas probas psicopedagóxicas que podan ser precisas para a observación directa ou indirecta do alumnado (Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do dictame de escolarización (D.O.G. do 19 de decembro de 1996).Comunicación do Departamento de Orientación ao profesorado (Mestres/as de apoio, das áreas instrumentais e específicas) e á familia.

VALORACIÓN INICIAL E VÍAS DE ACTUACIÓN

Con obxecto de establecer un *Proxecto curricular* que se axuste á realidade dos nosos alumnos, acordamos realizar unha valoración das súas características segundo os seguintes parámetros:

- **Que valorar:**
- Rendemento do alumno na etapa anterior.
- Personalidade.
- Afeccións e intereses.
- Situación económica e cultural da familia.
- etc.

- **Como obter a información:**

- Informes de titores anteriores.
- Cuestionario previo aos alumnos.
- Entrevista individual.
- Cuestionario aos pais.
- Entrevista con pais.
- etc.

Deste modo, o centro prevé distintas vías de resposta ante o amplo abano de capacidades, estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses dos alumnos.

Consideramos **adaptacións curriculares** todos os cambios que se produzan no currículo co fin de atender ás diferenzas individuais dos nosos alumnos. O equipo ou o profesor, ao establecer cada adaptación, deberá determinar con antelación tanto a estratexia a seguir como as características do alumno ou alumna que poidan axudar ou entorpecer a estratexia: en qué agrupamentos traballa mellor, canto tempo permanece concentrado, a que reforzos é receptivo, que autoconceito ten, etc.

Dentro das adaptacións curriculares imos diferenciar dous modelos de resposta en función das situacións de distinta natureza que imos encontrar:

- **Adaptacións curriculares non significativas.**
- **Adaptacións curriculares significativas.**

12. ACCIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES E CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.
--

É fundamental transmitirles aos estudantes valores para poderen ser cidadáns respectuosos con todo o mundo e críticos co que os rodea.

Para alcanzar dita premisa, esta programación foi deseñada para traballar os seguintes valores: educación moral e cívica , educación para a paz, educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos (desenvolvidos en todas as unidades, xa que logo o contínuum E-A necesita da colaboración entre os estudantes, do respecto cara os demais compañeiros/as e cara o ou a mestre/a, da limpeza e orde e do uso de vocabulario e actividades non sexistas nin discriminatorias); educación ambiental, educación para a saúde e calidade de vida, (valores traballados desde un punto de vista respectuoso polo contorno, pola natureza, polo patrimonio galego e por un mesmo); educación para o lecer (traballada tamén en todas as unidades cos xogos, cas cancións e bailes, co tempo de lecer), educación do consumidor (é moi importante que o alumnado aprenda a diferenciar entre o que é necesario e o que non, valorando os cartos, os produtos e o que deles se obtén); e a educación viaria, (cobra importancia no cumprimento das normas viarias nas entradas e saídas ao colexio, tanto alumnado que vai a pé como alumnado que vai en autobús, así como nas saídas escolares).

Estes valores traballaranse en celebracións específicas como “**O Samaín**”, “**O Nadal**”, “**O Día da Paz**”, “**O Entroido**”, “**O Día da poesía**”, “**O Día das Letras Galegas**” ou “**O Día Mundial do Ambiente**”, entre outros. Este curso estas celebracións faranse de maneira illada en cada aula, polo que permitirá seguir traballando todos estes contidos aínda que nun grupo máis reducido.

Asemade, o traballo dos diferentes plans e proxectos, como son o Proxecto Lector, o Plan Tic e o Plan de Convivencia escolar, axudarán a que se fomente o traballo en grupo, o respecto e a colaboración entre o alumnado.

- PLAN DE CONVIVENCIA

En canto aos obxectivos:

- Valorar a dignidade das persoas e os seus dereitos fundamentais, establecendo relación de aceptación e respecto.
- Tratar con respecto e amabilidade aos demais.
- Respetar a opinión, intereses e pertenzas dos demais.

- Evitar agresións, insultos, burlas ou desprezo aos compañeiros/as.
- Respetar a diversidade das persoas, rexeitando calquera discriminación social, persoal, especialmente ante as diferenzas físicas.
- Evitar burlas e insultos por ser diferentes.
- Participar en xogos e actividades de grupo favorecendo a cohesión.
- Evitar expresións e condutas sexistas.
- Aprender a convivir con outras persoas e grupos sociais aos que pertencen con afectividade, respecto, colaboración e axuda.
- Establecer relacións afectivas.
- Colaborar e axudar tanto nas tarefas escolares como na casa.
- Cumprir as normas de convivencia.
- Actuar con autonomía nas actividades habituais, nas relacións co grupo, sendo responsables.
- Valorar o traballo feito.
- Confiar nas propias posibilidades acrecentando a autoestima.

13. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.

O centro educativo de acordo co que establece o Decreto 130/2007 no seu anexo V, elaborará e aplicará un plan de introducción das tecnoloxías da información e comunicación. Para o primeiro ciclo de Educación Primaria establécense os seguintes obxectivos:

- Familiarizar aos alumnos co manexo do ordenador mediante o uso do software lúdico e educativo.
- Desenvolver a capacidade de lectoescritura mediante o manexo de programas axeitados.

- Capacitar aos alumnos para manexar o teclado e escribir co ordenador de aula empregando programas adaptados para o ciclo.
- Desenvolver a creatividade co uso de programas de debuxo e artísticos.

No referente aos contidos:

- Partes do ordenador: monitor, altofalantes, teclado, rato...
- Discos: disco duro, CD-rom, pen.
- Internet: navegadores.
- Impresora.
- Contidos educativos.

Os alumnos/as poderán facer actividades como:

- Acender e apagar o ordenador.
- Manexar o rato cun clic, dobre clic e arrastrando.
- Introducir o CD-rom na bandexa.
- Identificar programas pola icona.
- Abrir e pechar ventás.
- Abrir e pechar programas e traballar cos contidos dixitais.

14. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.

- PLAN LECTOR

“O proxecto lector de centro será referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura”.

Seguindo estas pautas, o noso plan anual de lectura establece os seguintes obxectivos para primeiro de educación primaria:

Ser quen de...

- Ler pequenos parágrafos, tanto en silencio como en voz alta.
- Comprensión da información do texto coa axuda das ilustracións.
- Resumir un texto de forma oral, identificando a idea principal.
- Reflexionar sobre o contido da lectura.

En canto aos contidos...

- Aprendizaxe dos códigos escritos e sonoros.
- Coñecemento de textos narrativos, poemas, cancións, trabalinguas... en distintos soportes incluíndo as novas tecnoloxías.
- Lectura por pracer de textos diversos.
- Iniciación de hábitos de lectura.
- Adaptación de textos ás necesidades dos alumnos/as.

A metodoloxía a seguir favorecerá un trato continuado e progresivo das lecturas, desenvolvendo estratexias de comprensión lectora como:

- Adicar un tempo específico diario á lectura, incluíndo prácticas de comprensión e fomento da lectoescritura.
- Ler e entender enunciados de actividades e problemas.
- Favorecer unha avaliación continuada dos progresos e dificultades atopados no proceso.

15. ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN.

Establecemos como elemento de traballo na aula aquelas actividades que se

precisen para desenvolver esta programación tanto no caso de ser preciso actividades de reforzo educativo centradas nunha especial atención a aqueles casos que así o demanden, como actividades de ampliación de considerarse oportuno tras comprobar o desenvolvemento individual do alumnado.

16. MATERIAIS DIDÁCTICOS.

Os criterios de selección dos materiais curriculares dan respostas efectivas ás propostas xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto. De tal modo, establécense oito criterios ou directrices xerais:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no *Proxecto curricular*.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- Progresión dos contidos e obxectivos.
- Adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- Variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferencias individuais.
- Claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa

Polo tanto, os materiais que imos empregar son diversos, pero debemos diferenciar entre medios didácticos (que son os materiais elaborados expresamente para ensinar algo, materiais educativos) e recursos educativos (materiais cos que se aprende, pero sen ser do mundo educativo, por exemplo unha revista, un sinal de tráfico, unha canción, etc.). Nós empregaremos todos, pero convén facer unha distinción entre tres tipos de materiais: materiais impresos (follas de actividades, debuxos, fotos, prensa, revistas, e libros); materiais audiovisuais (proxector, vídeo, radio para CDs, e cámara); novas tecnoloxías

(páxinas web e ordenador); e finalmente algunhas saídas culturais en caso de que o contexto no que nos atopamos actualmente o permita.

17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Ditas actividades iránse determinando ao longo do curso, aínda que pola situación actual pola COVID-19 non se prevén actividades deste tipo.

18. SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN / AVALIACIÓN.

Esta programación é un documento activo e será revisada e avaliada en varios momentos ao longo do curso por si fose preciso facer algunha modificación significativa na mesma.

19. PROCEDEMENTO E INDICADORES PARA A AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE.

Esta análise crítica posibilitará que poidamos realizar as modificacións pertinentes. Establecemos como indicadores de avaliación:

- Análise e valoración das producións do grupo.

Os materiais elaborados, correspóndense co esperado?

O traballo supuxo algunha estratexia nova a aplicar na aula?

- Aplicación e repercusión desta programación na práctica educativa.

Acadáronse os obxectivos propostos?

É realmente aplicable na práctica educativa?

O material traballado responde ás necesidades da aula tendo en conta os obxectivos da mesma?

- Metodoloxía empregada.

Responde ás necesidades do alumnado?

É axeitada a súa posta en práctica?

- Organización dos recursos humanos e materiais.

Foi acertada a elección de materiais?

A organización en pequeno e gran grupo mellorou a produtividade?

Dita estrutura de traballo facilitou as tarefas?

- Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.

Posibles vías de ampliación.

Aspectos mellorables.

Non podemos esquecer que o proceso avaliador, debe ser aberto, que permita a inclusión de novos aspectos e que mediante unha constante revisión posibilite un enriquecemento cuantitativo e cualitativo do proceso. Neste punto terase en conta as opinións e aportacións dos docentes que participan na aula.